

## CAMPO DE VOLUNTARIADO "FRIULIO" (FRIOL-LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
28/08 - 8/09/2022	18-30	Internacional	Etnográfico	15


### LOCALIZACIÓN

Friol é unha vila, unha parroquia e un concello da provincia de Lugo.

En Friol quedan aínda vestixios megalíticos e castrexos, os máis antigos que conserva este concello, pero tamén foi ocupada por romanos e visigodos.

Na Idade Media as familias Ulloa, Parga e Seixas repartíronse o poder neste termo. Boa mostra disto son as edificacións, torres e castelos, que poboa o territorio.

A edificación máis coñecida de Friol é a fortaleza de San Paio de Narla, de orixe descoñecida e reconstruída no século XVI por don Vasco de Seixas. En Friol existen moitas lendas populares relacionadas con esta fortaleza e cos seus propietarios, os Vázquez de Seixas.



### DESCRINCIÓN DO CAMPO

No concello lucense de Friol celébrase dende 2017 (interrompido dende 2020 como consecuencia da pandemia) o Festival Friulio, no cal se recrea a vida dun poboado castrexo e a chegada dun destacamento romano, dando a coñecer un proceso histórico clave como foi a romanización do territorio no século II d. C. e os cambios que isto supuxo a nivel social, cultural, arquitectónico...

Actividades:

- Traballar para poñer en valor o Castro Friulio, axudando na restauración e consolidación de di-

versas estruturas (te-lados vexetais das pallozas, fornos...)

- Participar na plantación de árbores autóctonas e froiteiras polo paseo fluvial do río Narla ata o poboado.
- Sinalizar e limpar o contorno e accesos ao Dolmen da Moruxosa.
- Creación dunha pequena peza audiovisual

sobre o traballo da Castronela e do festival Friulio para divulgar en redes sociais.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiros: de cestería, de Pan e Queixo no poboado castrexo, de camisetas pintadas, de construción dunha palloza.
- Percusión doméstica: música e baile tradicional.
- Visitas: á Fortaleza de Narla (Friol), a Lugo (muralla romana, catedral e Domus do Mitreo), a Sobrado dos Monxes (ao seu mosteiro, lagoa e ruta da Carballeira e ao Campamento Romano da Ciadella), a Avifauna (Outeiro de Rei).
- Veladas castrexas e romanas.
- Baile e canto tradicional: foliadas.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e estarán suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

### COMO CHEGAR

A Coruña – Lugo: [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal), [www.alsa.es](http://www.alsa.es) ou [www.renfe.es](http://www.renfe.es)

A Coruña – Teixeira: [www.renfe.es](http://www.renfe.es)

Santiago – Teixeira: [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal)

Teixeiro – Friol: [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal)

Santiago – Lugo: [www.monbus.es](http://www.monbus.es)

Lugo – Friol: [www.alsa.es](http://www.alsa.es) ou [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal)

## CAMPO DE VOLUNTARIADO "FRIULIO" (FRIOL-LUGO)

### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento será na Escola Vella – PAI Friol, situada a carón da Casa Consistorial de Friol.

### INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día do campo, a partir das 16.00 h no lugar do aloxamento.

### COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid 19 que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada, ou coa certificación do resultado da proba da Covid 19.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

### EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo e toalla de baño
- Saco de durmir e mochila para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo

- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...)

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

T. 981 957 115 - camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Lugo:

T. 982 294 923 - camposlugo.xuventude@xunta.gal

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es) Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

[@xuventudegalicia](https://www.instagram.com/xuventudegalicia) Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

